

Á feira de SAN FERNANDO... d'a cabalo



Nos altos da Serra da Bobia

Hai us anos faláronme por primeira vez d'úa feira ancestral que se facía nun paisaxe ben lonxe, na Serra da Bobia. Era úa das feiras máis peculiares e menos conocidas d'Asturias por causa de que se fai abondo desviada de cualquer asentamento humano, concretamente núa das vaguadas da serra que miran pral mar ou, como dicen eiquí, prá marina.

↓ Miguel Pérez Gutiérrez

Comentábanme que de verdá a feira había ser ben interesante pra min, que sempre me chamaron a cultura, el arte y a vida da xente d'esta zona, porque alí xuntábanse gandeiros de toda a comarca qu'amañaban tratos agarrados á botella de viño y tampouco nun faltaban us chourizos ou úas empanadas con qu'esqueicer a fame.

Máis tarde informéime de qu'a feira era de cabalos —anque nos últimos anos as vacas colonizaron el evento—, qu'a xente avezaba a ir al sito d'a cabalo e qu'os abolos da comarca nun perdían úa a pesar del mal tempo que fai alí búa parte del ano.

Xa qu'a tradición era ir d'a cabalo, a pesar de nun tar práctico nel asunto, decidínme a conocer acontecemento tan peculiar, que ten lugar el día de San Fernando e que dá nome tanto al campo unde se fai como á feira.

Amañando a salida


Citéime con José ou, mellor dito, José *Cowboy* —qu'é como lo conocen na zona—, un xinete experimentado dos poucos que quedan na contornada e que se dedica dafeito á cría de cabalos. Quedamos en encontrarnos na *Marquesita*, un hotelín de turismo rural que ta en Samartín d'Ozcos, sito a xeito pra empezar a aventura.

Ás sete da mañá, mentras preparábam os cabalos, José *Cowboy* dábame os últimos consellos pra manexar a bestia e comentábame el recorrido qu'íbamos facer. Íbamos cruzar El Monte da Curiscada de sur a norte hasta dar cua Serra da Bobia, que son eiquí as últimas montañas da Península que s'atopan col Cantábrico é que tein, polo tanto, muito interés dende el punto de vista xeográfico. El recorrido íbanos levar úas cuatro horas ir e cinco vol-



Nel Campo de Bixuiz, entre Penacova y San Cristobo

ver e de seguro qu'iba ter as posadeiras desfeitas en chegando outra vez al punto unde tábamos



Pasando por Brañanova

agora. Esto dicíamo José con úa sonrisa d'orella a orella.

En acabando d'amañar os cabalos e desque collémos abondas provisióis prá xornada, salimos xunta outros dous xinetes que nos iban acompañar.

Na Curiscada

Teño que reconocer qu'el meu corpo molestóume abondo a primeira media hora por causa de cómo se vai acarrolando a bestia mentres anda però, pouco a pouco, funme avezando y a ruta qu'iba por camiños traballados durante siglos entre montes de carballos e castañeiros tapaba cualquier dolor del corpo.

Da qu'íbamos collendo altura os montes daban paso a úa vexetación arbustiva máis típica dos picos, picos gastados polo vento qu'eiquí dá de cote polo norte. Uces, carqueixas e toxos, esas prantas con flores marelas tan chamadeiras e con us pinchos que fain resentirse non ás nosas carnes, por sorte, senón ás dos nosos compañeiros os cabalos que son os que sinten el sou contacto é que nun pinta que lles importe muito. Será a costumbre.



Os reses esperando a qu'os sous amos amañen trato

Metidos xa nel Monte da Curiscada, saco eu qu'el sou nome terá que ver con algún furado ou cavidad, igual con escavacióis feitas polos romanos pra sacar el ouro, que por eiquí hai mui ben d'elas.

Aculó alante vense us montes mui grandes. El Cowboy dícese qu'é a Cordillera Cantábrica y Ancares de Galicia, polo que memorizando el mapa asturiano interpreto que todo el que vexo é a súa parte máis ancha que, por certo, asoméñaseme á palma da mao.

Paramos a descansar na Lagúa de Muriás, para xe espléndido á veira del Monte de Muriás, pico que dá nome á poceira. Dende eiquí, aparte d'un maxestuoso monte, vese de lonxe el camín qu'anduvemos ademáis del que nos queda hasta San Fernando.

Tamos máis ou menos na mitá del recorrido. Desde nos refrescamos tanto nosoutros como as bestias, seguimos el camín.

Xa na Serra da Bobia, el sendeiro colle altura hasta chegar a úa pista que vai polo pico da serra. Eiquí emprincipiamos a ver aculó alante el mar que ta a us quince quilómetros e de vez en cuando chégganos us refolóis d'aire que nos train ese olor tan característico.

Metidos en San Fernando

A eso da úa da tarde chegamos a San Fernando. Us quilómetros antes xa se vía el barullo da fei-

ra. A xente mirábanos de búas maneras. Supoño que sería porque, aunque desconocidos, prestábálles que chegáramos d'a cabalo e non en coche como fai hoi en día a máis da xente. Sin darme conta vinme metido nel corazón del mercado. Centos de sonidos a cada metro diferentes, chocas e campanillas que súan abalándose horizontalmente, maos que se dan formalizando tratos...

Dinme conta de que, efectivamente, as vacas apartaron as bestias a un segundo plano, pero el que mais me chamóu a atención foi a xente, xente cos ollos chíos da felicidade de poder compartir a feira un ano máis aunque, como elos mesmos me dicían, "esto xa nun é el qu'era hai vinte anos". Eiquí vían familias enteras a pasar el día. Sempre vía alguén con úa gaita ou úa acordeón y armábase a festa madre.

Toméi un montón de notas y us cuantos vasos de viño. Sin precatarme, pasara el día. A eso das oito da tarde José Cowboy recordóume qu'inda nos quedaba a volta. Púxenme abondo triste tanto pola experiencia vivida como polos meus ósos, qu'escomenciaban a sintirse dolidos.

El camín de volta fixémoslo por unde véramos aunque é verdá que con muitas menos preguntas e conversacióis; por causa del cansacio, claro ta. Abondo metida a tarde chegamos al hotel, unde Nacho, el cocineiro, esperábanos con úa cena riquísima, sin duda un merecido premio a úa xornada tan cansada.

